

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020271	IES As Bizocas	O Grove	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos xeográfico, lingüístico, social, político, relixioso, mitolóxico, literario, científico, artístico e filosófico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para as cidadás e os cidadáns de Europa.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia artículase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico orientase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas europeas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico científico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito, será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta mesma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englobase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura.

Debido ao carácter optativo da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características dos centros docentes e ao alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Grecia e Roma. Marco xeográfico e histórico	Que é a cultura clásica? Grecia e Roma. Marco xeográfico e histórico. Períodos históricos da Grecia antiga. Orixe mítica de	15	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Grecia e Roma. Marco xeográfico e histórico	Roma e marco xeográfico. Períodos históricos da Roma antiga. A conquista romana de Hispania. A romanización. A herdanza da cultura clásica. Gregos e romanos na Hispania: Empúries e Itálica.	15	15	X		
2	Indoeuropeo, grego e latín	Indoeuropeo, grego e latín. Do indoeuropeo ao grego. O alfabeto grego. O latín e as linguas románicas. O alfabeto latino. A herdanza da cultura clásica. Os soportes da escritura na antigüidade. O Panteón de Agripa (Roma)	14	15	X		
3	As sociedades grega e romana	As sociedades grega e romana. Formas de goberno na polis grega. Órganos de goberno en Roma. A estrutura social en Grecia e en Roma. A familia en Grecia e en Roma. A educación en Grecia e en Roma. O dereito romano e grego. A muller en Grecia e en Roma. Os xogos panhelénicos	14	15	X	X	
4	A vida cotiá en Grecia e en Roma	A vida cotiá en Grecia e en Roma. Etapas da vida: do nacemento á morte. A xornada dun cidadán. O vestido, o calzado e o peiteado. As comidas e a vaixela. A casa e o mobiliario. A herdanza da cultura clásica. Pompeia, a cidade sepultada	14	15		X	
5	Relixión e mito	Relixión e mito. A relixión grega. Mitos gregos (I): os deuses olímpicos. Mitos gregos (II): outros deuses. Mitos gregos III: os heroes. A relixión romana. A mitoloxía, fonte de inspiración artística a través dos séculos. Os oráculos. As illas afortunadas na Antigüidade clásica	14	15		X	X
6	Literatura e ciencia	Literatura e ciencia. A literatura grega: xeneralidades. A literatura grega: xéneros literarios en prosa. A literatura latina: xeneralidades. A literatura latina: xéneros literarios en prosa. A ciencia en Grecia. A técnica en Grecia e en Roma. A herdanza da cultura clásica. O teatro clásico: Epidauro e Mérida	14	15			X
7	A arte grega e a arte romana	A arte grega e a arte romana. Características da arte grecorromana. O urbanismo grecorromano. Roma: as obras públicas. As artes plásticas (I): escultura e pintura. As artes plásticas (II): cerámica e mosaico. Vestixios arqueolóxicos na Península Ibérica: arquitectura, enxeñería e arte. O Coliseo de Roma. O Circo de Tárraco	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Grecia e Roma. Marco xeográfico e histórico	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Describir axeitadamente en formato papel ou en liña a maioría das localizacións propostas.	PE	60
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar en mapas en formato papel ou en liña as localizacións propostas.		
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Enumerar as etapas históricas de Grecia e Roma e facer unha pequena descrición dos feitos e figuras históricas relevantes.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Describir o que é a Romanización. Indicar as causas da chegada dos romanos á Hispania, as fases principais da conquista e as divisións administrativas.		
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Enumerar as etapas históricas de Grecia e Roma cunha cronoloxía aproximada.	TI	40
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar e identificar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Recoñecer, empregando as TIC, os principais vestixios do mundo clásico en Galicia, España e Europa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
2	Indoeuropeo, grego e latín	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	Recoñece diversos tipos de escritura empregados na antigüidade clásica polas civilizacións do Mediterráneo.	PE	60
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Describe o concepto de familia indoeuropea, indicando as principais pólas e linguas senlleiras de cada unha delas. Recoñecer a pegada das linguas grega e romana no léxico actual.		
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Recoñece as principais evolucións fonéticas no paso do latín ao castelán e ao galego. Distinguir o cultismo, o semicultismo e a palabra patrimonial nunha tríade de palabras procedentes do mesmo étimo.		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Recoñece os xéneros literarios actuais como descendentes directos dos xéneros descritos na antigüidade clásica, citando as súas principais características.		
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Recoñece o valor e significado dos formantes grecolatinos na terminoloxía científica actual.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Identifica e reproduce as formas de saúdo básicas en latín e grego.	TI	40
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopa elementos da presenza clásica na contorna e no país a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Identifica as principais obras artísticas presentes na súa contorna empregando as TIC.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. - As linguas romances.

Contidos

- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.
- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.
- Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.
- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.
- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
3	As sociedades grega e romana	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	PE	60
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
4	A vida cotiá en Grecia e en Roma	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Describir a organización política das principais polis e de Roma, comparándoas co sistema político actual.	PE	60
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Enumera as clases sociais de Grecia e Roma. Coñece o papel da muller nas sociedades grega e romana.		
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Coñece o rol de cada un dos membros da familia en función da idade e do xénero.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Coñece a vestimenta, peiteado e obxectos comúns da Antigüidade.	TI	40
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Enumera as actividades lúdicas das que participaban os gregos e os romanos.		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Coñece a dimensión relixiosa dos xogos panhelénicos como orixe de certas competicións deportivas actuais.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
5	Relixión e mito	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Coñece os principais deuses, a súa manifestación, características e xerarquía das relixións grega e romana.	PE	60
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Coñecen os deuses menores, divindades colectivas e heroes presentes na mitoloxía grega e romana.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Recoñece as pegadas das relixións do mundo clásico en Galicia e España.		
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	Aplica os seus coñecementos sobre as relixións actuais e compáraos co aprendido coas relixións clásicas.	TI	40
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Describe a evolución da relixión romana, as súas manifestacións e a influencia das relixións orientais e do cristianismo.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Dá mostras de coñecer a influencia da mitoloxía clásica nalgunha das diferentes artes da actualidade: cine, banda deseñada, música, pintura, escultura, etc.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica nos sistemas políticos actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
6	Literatura e ciencia	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Identifica os xéneros literarios clásicos nas literaturas grega e romana, os seus principais autores e algunha das súas obras.	PE	60
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Recoñece o significado dos radicais grecolatinos e sabe empregar con corrección algunhas locucións latinas de uso corrente.	TI	40
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. - Fórmulas básicas de saúde e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
7	A arte grega e a arte romana	15

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Compara as manifestacións artísticas actuais coas clásicas e establece semellanzas formais.	PE	60
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Distingue as ordes arquitectónicas gregas en función do tipo de columna empregada e coñece os principais elementos arquitectónicos estruturais e ornamentais.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñece as manifestacións escultóricas e compáraas con outras similares do mundo moderno e contemporáneo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Coñece as principais vías de comunicación da Hispania.	TI	40
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Enumera os principais monumentos clásicos de Galicia, España e Europa.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñece no actual ordenamento político e xurídico a pegada da organización social de Grecia e Roma.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Recoñece, nas distintas manifestacións artísticas (literatura, pintura, escultura), pegadas da mitoloxía grecorromana.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Identifica a sociedade actual como herdeira do mundo clásico a través do proceso de Romanización.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos do lecer e o deporte do mundo clásico na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía de traballo será variada e participativa: o alumno será o protagonista da súa aprendizaxe, mentres que o profesor será guía e mediador do proceso, na medida en que as circunstancias o permitan: o elevado número de alumnos nunca contribúe á consecución dos obxectivos. O enfoque metodolóxico favorecerá a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da súa vida. Preténdese que o método sexa activo e dinámico. Os textos de lectura converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos léxicos e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados. O proceso de ensino-aprendizaxe será sometido a revisións para adaptarse á realidade da aula. O método proposto para o estudo do de Cultura Clásica organízase do modo seguinte:

- Lecturas do tema correspondente no material facilitado polo profesor. As lecturas serán comentadas polo profesorado, sendo oportuna unha ampliación que virá dada por outros materiais como fotocopias, diapositivas, etc.
- Cada unidade componse dun bloque específico referido a cuestións históricas que se alternarán con outras de

- carácter máis lúdico. Isto permitirá unha mellor asimilación dos conceptos e despertará o interese dos alumnos.
- Elaboración de esquemas, resumos e/ou mapas conceptuais dos bloques temáticos de cultura.
 - Realización das actividades marcadas polo profesorado, tanto as do material do profesor como as aportadas procedentes de diversas fontes.
 - O profesorado intentará estimular en cada momento a actividade creadora dos alumnos.
 - Leranse textos e comentaranse, e buscarase promover debates entre o alumnado.
 - O estudo das formas de pensamento e das crenzas do mundo clásico contará cunha previa explicación do profesorado.
 - Hai exercicios nas web e direccións moi interesantes para esta materia cos que se traballará complementariamente.
 - Como método xeral, preténdese que as clases sexan participativas, estimulando a expresión oral e a expresión escrita, facilitando en todo momento a progresión na aprendizaxe da materia e fomentando a colaboración entre os alumnos con traballos de grupo.
 - O proceso está aberto, ademais, a actividades de recuperación, afondamento e reforzos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de elaboración propia

- a) Libros sobre aspectos diversos das civilizacións grega e romana, como La vida cotidiana en Grecia de Flacelière ou Historia de los griegos de Montanelli.
- b) Libros de relatos sobre o mundo clásico, como Jasón y los Argonautas, La Eneida, La Odisea, Los trabajos de Hércules... Leremos na aula un deles por trimestre, para ir traballando os principais mitos
- c) Dicionarios de mitoloxía grega y romana, de Pierre Grimal.
- d) Películas e documentais relacionados co mundo grecolatino, como 300, Helena de Troia, Aníbal ou Gladiator.
- e) Dicionarios etimolóxicos de latín e grego.
- f) Mapas.
- g) Sempre que sexa posible promoverase o emprego de medios informáticos que axuden á consecución dos obxectivos. Hai exercicios nas web e direccións moi interesantes para esta materia como culturaclasica.com, culturaclasica.net/santillana, artemhistoria.com, biografiasyvidas.com, santiagoapostol.net e outras que van aparecendo continuamente.
- h) Promoverase ademais o coñecemento e uso dos materiais cos que conta a biblioteca do noso centro para resolver actividades, elaborar traballos ou simplemente gozar cos cómics de Astérix ou as novelas históricas.
- i) Xogos tipo trivial con preguntas sobre o mundo clásico.
- j) Non vai haber libro de texto e os materias foron elaborados polo profesor.
- k) Seguiremos con flexibilidade este curso o Proxecto Curricular Olimpo -VICENS VIVES- de Educación Secundaria Obrigatoria da materia Cultura clásica, que comprende os seguintes materiais:

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial ao comezo do curso para determinar o grao de formación e interese dos alumnos, o funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...). Convén reunir información do titor e de profesores de anos anteriores para ter unha primeira achega ao grupo e aos seus integrantes. Esta avaliación permitirá adecuar os contidos ás características do grupo e a cada un dos alumnos de forma personalizada.

A avaliación inicial pode facilitar non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón tamén proporcionar información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que se han de adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que

interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor.

Ademais de responder ás cuestións, os alumnos farán unha pequena redacción expoñendo os motivos para elixir esta materia, as súas fortalezas e debilidades para afrontar o curso, a relación co grupo e as circunstancias persoais relevantes que desexen comentar. Só terá validez informativa (sen contar como nota para a avaliación).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	14	14	14	14	14	15	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas levarase a cabo por medio dos seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación do traballo diario
- Análise de tarefas.
- Realización de probas específicas.

Traballo diario

É fundamental a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:

- preguntas frecuentes na aula.
- seguimento do caderno do alumno.
- control de asistencia e puntualidade.
- observación do grao de participación na clase.
- valoración da actitude.

Deste xeito o profesorado observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelaos axeitadamente. Como ferramentas para avaliar os apuntes de clase e a resolución individual de actividades achéganse unhas rúbricas (anexo I e II). Na primeira valórase con catro niveis o caderno, centrándose nos apuntes, cantidade de información, organización, ideas relevantes, gramática e ortografía. Na segunda, o número de actividades resoltas e o procedemento e resultados de actividades resoltas.

Tarefas puntuais

É importante que o alumno se achegue á civilización clásica directamente, e que controle os mecanismos para facer pequenos traballos de investigación. Para iso elaboramos dous tipos de rúbricas para avaliar a redacción e presentación de traballos escritos e a exposición oral de traballos.

A rúbrica da redacción céntrase en:

- redacción.
- ortografía.
- extensión.
- contido.
- argumentación de ideas.
- presentación e limpeza.
- tempo de entrega.

A da presentación valora:

- presentación.
- expresión oral.
- volume de voz.
- expresividade.
- inclusión dos aspectos relevantes.
- explicación do plan de traballo.

- recursos didácticos.
- tempo.

Probas específicas

As probas referiranse ao traballado durante o período correspondente. Poderán facerse:

- probas escritas.
- probas orais.

· As probas escritas ou controis orais servirán para comprobar a correcta asimilación dos contidos. Haberá como mínimo por avaliación dúas probas escritas obxectivas nas que os alumnos/as haberán de responder con exactitude, claridade e pulcritude ás cuestións propostas. Nas probas haberá preguntas para desenvolver e outras tipo test, de completar ocos, de relacionar, de escoller opcións... En cada proba disporán de información precisa sobre a puntuación de cada pregunta e os criterios de corrección.

· Os traballos poderán ser individuais ou en grupo, escritos e con exposicións orais. En cada avaliación farán como mínimo un traballo relacionado coa cultura e civilización romana que, tras ser corrixido pola profesora, exporán ante os seus compañeiros oralmente co apoio de medios audiovisuais. Ao remate presentarán actividades o máis interesantes, imaxinativas e creativas posibles, coas que se comprobará o interese, atención e asimilación de contidos por parte dos compañeiros. Estes valorarán os traballos expostos e as actividades dos demais cun cuestionario aportado pola profesora.

· As actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo, quedarán recollidas no caderno de clase, que será presentado para a súa valoración cando a profesora o requira. A súa entrega será conditio sine qua non para aprobar a avaliación.

· Nas probas, traballos e actividades valoraranse os contidos, pero tamén a súa expresión (ortografía, vocabulario, sintaxe), comprensión, organización e presentación. Será penalizada a entrega de traballos e actividades fóra de prazo.

· Dentro do apartado de traballo diario valorarase aparte a actitude, englobando neste apartado o cumprimento das normas (respecto cara os compañeiros/as e profesorado, o uso correcto dos materiais e mobiliario da aula, puntualidade) a participación, o esforzo e interese.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.

2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

O 50% da nota será a media das probas obxectivas (PO)

O 10% da nota será o traballo diario observado (TD)

O 10% da nota será a cualificación do caderno (CDRN)

O 30% da nota vai ser a media dos traballos escritos (TE) e exposición orais (EO). Este 30% desagregase nun 7,5% para o traballo escrito e outro 7,5% para a súa exposición oral, para cada un dos dous traballos en cada unidade:

$$\text{Cualificación} = [(PO1 + PO2)/2]*0,5 + TD*0,1 + CDRN*0,1 + TE1*0,075 + EO1*0,075 + TE2*0,075 + EO2*0,075$$

En cada avaliación poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 7, é dicir, 6,69 será 6 e 6,70 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

CUALIFICACIÓN FINAL

Con respecto á cualificación final:

· A nota final será a media resultante das tres avaliacións, partindo dun mínimo de cinco puntos en cada unha.

· Unha vez feitas as tres sesións de avaliación parciais do curso, será o momento de valorar, mediante o cálculo da nota media das tres avaliacións, e tendo en conta a progresión do alumno/a, a cualificación final.

· No caso do alumnado que non consiga acadar unha nota igual ou superior a 5, elaborárase un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para deseñar as actividades de recuperación que se levarán a cabo no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. En concreto, o alumnado centrarase en traballar e recuperar mediante unha proba escrita só as avaliacións nas que non chegara a unha valoración de suficiente. Este exame será cualificado de 0 a 10, e se acadara unha nota superior ou igual a 5, obtería un 5 como nota da avaliación ordinaria de xuño da materia.

· Para aprobar a materia de Cultura Clásica terase en conta o grao de consecución mínimo de cada estándar de aprendizaxe e nos criterios de avaliación recollidos na presente Programación e serán os que se terán en conta para establecer o contido do exame final de recuperación.

- Pola contra, o alumnado que ten unha nota media igual ou superior a 5 poderá incrementar ata un 5% a súa nota final realizando actividades de ampliación, consolidación e/ou reforzo daqueles aspectos e contidos nos que non teña a máxima cualificación. Estas actividades e/ou probas, serán valoradas seguindo os criterios de cualificación das avaliacións anteriores e cos procedementos que o profesorado considere oportunos : traballos, en soporte dixital ou papel, exames, observación directa etc.
- Finalmente, a cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso, cando tamén se fará a valoración das competencias clave. Para a cualificación final do curso a nota final será o resultado da media das tres avaliacións.
- Para aprobar a materia de Cultura Clásica terase en conta o grao de consecución mínimo de cada estándar de aprendizaxe recollido nos cadros correspondentes ao apartado 4 e nos criterios de avaliación recollidos no apartado 7 da presente Programación e serán os que se terán en conta para establecer o contido do exame final de recuperación.

Proba final de recuperación

- Recuperación final: ao remate de curso faranse probas de recuperación por avaliacións, segundo cada caso, ou ben unha xeral para os alumnos/as que teñan que recuperar toda a materia. Considerarase recuperada a materia só se están aprobadas todas as avaliacións ou ben dita proba xeral cunha nota mínima de cinco puntos.
- Requisitos para unha cualificación final positiva:
 - ter unha nota mínima de cinco puntos no apartado das probas.
 - facer os traballos sinalados.
 - ter unha actitude correcta ao longo do curso.
- ter o caderno de traballo debidamente presentado, actualizado, organizado e corrixido. 44 Exame extraordinario:
 - Para os alumnos que non acaden uns mínimos haberá unha proba global de recuperación, similar á proba final de xuño. Non se considerará aprobada cunha puntuación de menos de cinco (5). Será obrigatorio presentar, ao igual que en xuño, o caderno debidamente elaborado para aqueles que non superen este requisito con anterioridade. A proba valerá un 90% e o caderno un 10% da cualificación.
 - Se algún alumno ten aprobada algunha das avaliacións, só terá que examinarse das outras, manténdose as cualificacións das partes aprobadas anteriormente.

Criterios de recuperación:

- Recuperación tras cada avaliación: despois de cada avaliación poderán facer unha proba de recuperación e revisaranse de novo os cadernos de traballo que non se presentaran ao seu tempo ou que non estiveran completos ou correctos
- Recuperación final: ao remate de curso faranse probas de recuperación por avaliacións, segundo cada caso, ou ben unha xeral para os alumnos/as que teñan que recuperar toda a materia. Considerarase recuperada a materia só se están aprobadas todas as avaliacións ou ben dita proba xeral cunha nota mínima de cinco puntos.
- Requisitos para unha cualificación final positiva:
 - ter unha nota mínima de cinco puntos no apartado das probas.
 - facer os traballos sinalados.
 - ter unha actitude correcta ao longo do curso.
- ter o caderno de traballo debidamente presentado, actualizado, organizado e corrixido.

Exame extraordinario:

- Para os alumnos que non acaden uns mínimos haberá unha proba global de recuperación, similar á proba final de xuño. Non se considerará aprobada cunha puntuación de menos de cinco (5). Será obrigatorio presentar o caderno debidamente elaborado para aqueles que non superen este requisito con anterioridade. A proba valerá un 90% e o caderno un 10% da cualificación.
- Se algún alumno ten aprobada algunha das avaliacións, só terá que examinarse das outras, manténdose as cualificacións das partes aprobadas anteriormente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Esta materia cúrsase en 3º de ESO e non ten continuidade ao longo da Educación Secundaria Obrigatoria. Polo tanto, non vai haber alumnos coa materia pendente do curso ou cursos anteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

De acordo coas disposicións vixentes, a programación debe establecer medidas axeitadas para atender a diversidade e realizar as adaptacións curriculares oportunas para aqueles alumnos que o precisen.

No deseño da programación de Cultura Clásica, partimos dun número de contidos mínimos que veñen arroupados por unha variedade de actividades complementarias de xeito que sexa posible atender adecuadamente á diversidade do alumnado. Haberá actividades sinxelas, básicas e adaptadas para o desenvolvemento normal do currículo.

Esta atención ás diferenzas individuais dos alumnos debe realizarse na programación dos contidos e as actividades e na selección dos materiais. As actividades son un excelente instrumento de atención as diferenzas dos alumnos. En función do nivel de dificultade, por un lado, e do tipo de obxectivos que persigan, por outro, pódense adaptar a diversas capacidades, intereses e motivacións. Empregaremos un conxunto de Actividades de Reforzo e de Ampliación en función do nivel, coa finalidade de ofrecer, precisamente, os recursos básicos para desenvolver diferentes estratexias de ensino e facilitar así que todos os alumnos e alumnas poidan acadar o máximo desenvolvemento das competencias clave e os obxectivos da etapa. O manual empregado aporta unhas actividades de reforzo e ampliación que se complementarán con outras elaboradas polo profesorado.

En función da realidade presente é fundamental detectar no momento oportuno os problemas e analizalos para dar respostas inmediatas. Se hai algún alumno con graves deficiencias e dificultades de aprendizaxe teremos que facer unha adaptación segundo as súas posibilidades e capacidades. Do mesmo xeito, os alumnos avanzados recibirán atención para satisfacer as súas inxerencias. Buscarase sempre a colaboración estreita co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				X			
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.			X	X	X		
ET.8 - A igualdade de xénero.			X	X			
ET.9 - A creatividade.			X	X		X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.10 - A educación para a paz.	X		X	X		X	X

Observacións:

Os temas transversais pretenden conseguir que os alumnos desenvolvan actitudes persoais que lles axuden a construír unha sociedade máis xusta.

A materia de Cultura Clásica permite un achegamento ao mundo antigo no que xorden ou continúan sistemas sociais e políticos como democracia e escravitude. Isto establece unha boa base para a crítica dos alumnos. Os temas transversais desenvolveranse do modo seguinte:

Educación para a convivencia

- Farase énfase nos elementos de parentesco entre as linguas romances.
- Irmandarase a consideración das linguas romances peninsulares coas outras linguas románicas.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos

Abordarase en perspectiva crítica a situación da muller na antigüidade e nos nosos días. Trátase de:

- Analizar o papel da muller e dos escravos e dos sistemas de educación grecorromanos.
- Recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza discriminación por razón de sexo.

Educación para a paz

- A lectura de textos clásicos de filósofos, historiadores e poetas nos que se reflictan as repercusións sociais que a paz trae.

- Analizar nos textos clásicos as achegas de personaxes no fomento da paz e a convivencia.

Educación moral e cívica

- Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para relacionarse cos demais.
- Reflexionar sobre o uso da lingua como medio para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando os xuízos e opinións alleos.

Educación ambiental

- Estudo das modificacións que o home provocou no seu ámbito para o seu desenvolvemento.
- Estudo dos hábitos alimentarios de gregos e romanos.

Educación para o lecer

- Identificar en festas e espectáculos actuais a súa orixe grecolatina.
- Apreciar e valorar como un legado da civilización grecolatina a sobrevivencia de moitos deportes actuais e dos Xogos Olímpicos en particular.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á excavación arqueolóxica do Adro Vello	Achegamento para coñecer o modo de vida dos habitantes do Grove na Antigüidade	X		
Participación no concurso en liña "Odisea".	Concurso sobre coñecementos do mundo clásico organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos en torno ao mes de febreiro.		X	
Elaboración dun mosaico	Elaboración dun mosaico a partir de materiais de refugallo reciclados ou de tapóns, coincidindo co día mundial da reciclaxe (17/V).			X

Observacións:

Contéplase a posibilidade dunha saída ou actividade por trimestre. No caso de non poderen realizarse, buscaranse outras alternativas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
Metodoloxía empregada
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Medidas de atención á diversidade
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Proponse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora ao final de cada trimestre.

Proposta de avaliación da programación didáctica:

Cumprimento dos obxectivos xerais da programación

- Desenvolvemento das unidades didácticas
- Desenvolvemento das actividades programadas
- Funcionamento das metodoloxías aplicadas
- Utilización de recursos e materiais didácticos
- Consecución dos estándares de aprendizaxe
- Funcionamento dos procedementos de avaliación
- Pertinencia dos instrumentos de avaliación
- Eficacia das medidas de recuperación
- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave
- Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa
- Dinámica do grupo
- Participación en actividades extraescolares e complementarias
- Medidas de atención á diversidade
- Factores que favoreceron o cumprimento da programación
- Causas do non-cumprimento da programación

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados